

4. HISTORIOGRAFÍA

4.1. As orixes: Heródoto (ca. 485-425 d.C.)


Tradicionalmente, considérase que a Historiografía grega (e, polo tanto, a occidental), comeza con Heródoto de Halicarnaso (ca. 485-425 d.C.). Escribiu 9 libros de *Historias* (Ἱστορίαι, literalmente, “investigacións”, “exploracións”). Nelas conta os conflitos que tiveron lugar entre os gregos e os persas a principios do s. V a.C., e que coñecemos como Guerras Médicas.

No seu libro, Heródoto non se limita a narrar acontecementos políticos ou bélicos, senón que se detén en descrições xeográficas e etnográficas dos territorios e pobos que tomaron parte no choque continuado entre gregos e persas. De toda a obra extráese un xuízo moral, que Heródoto quere transmitir ós seus lectores: os valores gregos están máis en harmonía coa orde natural que os dos persas e os pobos dominados por eles.




O autor que transformou a historiografía nun xénero máis próximo aos estudos históricos tal e como se realizan na actualidade foi o ateniense Tucídides (ca. 460-306 a. C.), un político e militar que sufriu desterro por fracasar nunha campaña da Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.). Desde o seu exilio, propúxose narrar os acontecementos desa guerra, precedidos dunha síntese do que ocorrera en Grecia desde o ano 479 a.C., data na que conclúen as *Historias* de Heródoto. O seu relato interrómpeuse no ano 411.

Tucídides exclúe da investigación histórica as causas sobrenaturais para centrarse unicamente na conduta humana. Segundo confesa, baséase, ademais de nas súas experiencias persoais e os interrogatorios a testemuñas presenciais, en documentación xurídica.



4.1. Xenofonte (431-354 a.C.)

Xenofonte foi tamén un militar ateniense, e, ademais, discípulo de Sócrates. A súa infancia e mocidade transcorreron nos tempos da Guerra do Peloponeso. As causas do conflito foron a insistencia de Atenas en favorecer gobernos democráticos proatenienses en moitas cidades-estado gregas. Esparta, que apoiaba réximes oligárquicos, viu na política exterior ateniense unha intromisión na súa área de influencia, que abrangúa, principalmente, o Peloponeso, pero que se estendía a máis áreas. O desenlace, logo dunha longa guerra, foi a derrota de Atenas e a fin da súa hexemonía sobre a Hélade.



Como militar, estivo ó servizo do príncipe Persa Ciro o Novo, e tamén ó do rei espartano Agesilao II (polo que os atenienses o desterraron). Aristócrata de nacemento, na súa obra como historiador percíbese a admiración por Esparta e o seu sistema de goberno, que considera superior ó réxime democrático da súa propia patria, Atenas.

Escribiu moito ó longo da súa vida, e a súa obra consérvase bastante ben. Dentro do xénero historiográfico, temos os seguintes títulos:

- *Anábasis* ou *A expedición dos Dez Mil*: O príncipe Ciro o Novo contratou a 10.000 mercenarios gregos para disputarlle ó seu irmán, o rei Artaxerxes II, o trono persa. Coa morte de Ciro na batalla de Cunaxa (401 a.C.), os gregos, quedando

sen o seu xefe e pagador, deberon emprender o regreso a través dun territorio hostil. Xenofonte formou parte da expedición, como un dos líderes do exército grego, e por iso o seu testemuño é de primeira man.

- *Helénicas*: Nelas Xenofonte continúa o relato da Guerra do Peloponeso onde Tucídides o deixara (411 a.C.), e continúa máis alá, ata o 362 a.C., ano da batalla de Mantinea, tras a que a cidade de Tebas impuxo unha breve hexemonía sobre Grecia.

- *Ciropedia*: Trátase dunha biografía, con intención de que servise de ensinanza moral, do rei persa Ciro II o Grande, que vivira a mediados do s. VI a.C. e que construíu o chamado Imperio Aqueménida, vixente ata a súa conquista por Alexandro Magno no s. IV. No libro, Xenofonte presenta a Ciro como o ideal de soberano e cabaleiro.

- *Axesilao*: Biografía do rei espartano ó que Xenofonte serviu.

- *Sobre a Constitución dos atenienses*: É unha exposición da forma de goberno da Atenas do seu tempo, que Xenofonte consideraba inferior á que rexía en Esparta.

Xenofonte cultivou ademais outros xéneros literarios, como o filosófico, no que se nota a súa admiración por Sócrates (*Memorables* e *Aploxía de Sócrates*), e a ensaística (*Sobre a cabalería* e *Cinético*).